



## Concello de Gondomar

### DECRETO DA ALCALDÍA

**Expediente núm.: 225/2023**

**Memoria Xustificativa:** CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO ORDINARIO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROYECTO DE REFORMA DO CAMIÑO DE BARREIRAS EN DONAS, GONDOMAR

### MEMORIA XUSTIFICATIVA/PROVIDENCIA DE INICIO (Cumprimento art. 116 LCSP)

#### 1. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do contrato a obra para a execución das obras para a execución do proxecto DE REFORMA DO CAMIÑO DE BARREIRAS EN DONAS, GONDOMAR conforme se describen no proxecto redactado polos arquitectos Ramón Viéitez Rodríguez, Alberto Cebral Loureda e Brais Barreiro Carreira e aprobado por Resolución da alcaldía do 31.01.2023.

O Concello de Gondomar ten a necesidade de mellorar a actual pavimentación e completar e mellorar os servizos urbanísticos. Actualmente a pavimentación presenta un mal estado de conservación, observándose múltiples parcheados e combas no mesmo así como diferentes materiais empregados o que repercute na funcionalidade e na fragmentación visual e estética do camiño.

O programa de necesidades pasa por pavimentar o vial de Barreiras resolvendo as escorrentías xeradas por mor dunha topografía complexa e de grandes desniveis, así como a necesidade tamén de prever o soterramento das redes urbanas.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante del Prego, tendo carácter contractual.





## Concello de Gondomar

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

### 2. Análise Económica

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto, que é o seguinte:

|                      |                 |
|----------------------|-----------------|
| A.-Obras anuais      |                 |
| Base imponible ..... | 44.232,56 euros |
| Importe IVE .....    | 9.288,84 euros  |
| Total .....          | 53.521,40 euros |

|                       |   |
|-----------------------|---|
| <b>VALOR ESTIMADO</b> | 44.232,56 euros, calculado conforme ao art.101 da LCSP. |
|-----------------------|---|

### 3. Análise do Procedemento

#### a. Xustificación do procedemento

Utilízase o procedemento aberto de acordo co establecido polos artigos 156 e SS da LCSP, en base ao importe do contrato, criterios sometidos a xuízo de valor e criterios avaliábeis mediante fórmulas, coa finalidade de conseguir a máxima eficacia na xestión da contratación pública con varios criterios de adxudicación no que calquera persoa física ou xurídica que reúna capacidade pode presentar a súa oferta e no que a adxudicación recaerá na mellor oferta relación calidade-prezo.

#### b. Análise de execución por lotes

Este contrato non se fracciona en lotes en base ao disposto no apartado b) do artigo 99 da LCSP 2017.

A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

#### c. Insuficiencia de medios

Á vista do cadro de persoal municipal, este Concello non conta con persoal suficiente que poida facer a obra de necesidade que se debe facer pola Administración municipal.





## Concello de Gondomar

---

### d. Criterios de solvencia

Os criterios de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidos aos licitadores son conformes co establecido nos artigos 87 e 88 da LCSP, e ademais son proporcionais ao orzamento de licitación do contrato.

### e. Criterios de adjudicación

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), establece no artigo 145.1 que a adjudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adjudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

Neste caso os criterios de adjudicación establecidos son os seguintes:

#### A.1) CRITERIOS DE AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZOS DE VALOR (46 puntos)

- **MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROCESO DE EXECUCIÓN: ATA 24 PUNTOS**

Memoria descritiva da execución da obra coa correspondente reportaxe fotográfica do estado actual da obra na data de licitación, de tal maneira que xustifique o coñecemento das obras para executar. Esta memoria servirá para explicitar as bases en que se fundamenta o programa de traballo. Valorarase o recoñecemento e planificación de actividades de forma que a súa execución resulte o máis eficiente posible.

A memoria deberá conter especificacións dos materiais das unidades de obra a executar, a relación das fontes de subministración, a relación das unidades ou partes da obra que realizará mediante subcontratación, a análise das necesidades de almacenamento e de instalacións auxiliares durante a execución dos traballos.

Máximo 10 follas A4 de presentación por unha cara, entreliñado sinxelo e tamaño de letra 11.

- **PROGRAMA E EQUIPO DE TRABAJO: ATA 22 PUNTOS**





## Concello de Gondomar

---

O licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, debendo xustificar os medios previstos que garantan o prazo de execución indicado na cláusula 4 deste prego.

O licitador facilitará a información seguinte:

- Diagrama de Gantt con desenvolvemento das unidades de obra e con indicación das actividades que condicionan devandito diagrama.

Con esta documentación poderá avaliarse que o cronograma das obras resulta coherente coa memoria das actividades para desenvolver, os medios dedicados a cada unha delas, os prazos parciais, o investimento, así como a definición do camiño crítico que, en conxunto, permita explicar o prazo de execución.

Toda esta información permite establecer o nivel de concreción de cada licitador para garantir a execución das obras nos prazos establecidos, de forma que estas sexan realistas e acomodados os medios que dispón para a execución do contrato.

Máximo 10 follas A4 de presentación por unha cara, entreliaño sinxelo e tamaño de letra 11. O diagrama de Gantt presentarase en A3.

### **A.2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS (54 puntos)**

- **Oferta económica.....ata 24 puntos.**

Quedarán desestimadas todas aquelas proposicións que superen o prezo basee de licitación ou o valor estimado do contrato sinalado a cláusula terceira.

Obtendo a maior puntuación a oferta económica máis baixa, 0 puntos a oferta que se axuste ao orzamento de licitación, valorándose as ofertas restantes de forma directamente proporcional.

A puntuación das ofertas económicas determinarase da seguinte forma:





## Concello de Gondomar

---

A oferta económica igual ao tipo de licitación: 0 puntos.

Resto de ofertas económicas recibirán a puntuación de forma proporcional respecto da oferta máis baixa, mediante a seguinte fórmula para realizar a operación:

$$P - i = 26 ( Of - \min / Of - i)$$

Sendo:

P - i = puntuación da oferta para valorar

Of - i = oferta a valorar

Of - min = oferta máis económica de entre todas as presentadas.

- **Equipo técnico.....ata 22 puntos.**

Na composición do equipo técnico dispoñible que forme parte do persoal da empresa licitante:

Valorándose en 10 puntos cada enxeñeiro/a técnico ou superior ou arquitecto técnico ou superior que se oferte a maiores respecto do persoal mínimo esixido como solvencia técnica da seguinte maneira

Un/unha (1) :enxeñeiro/a técnico ou superior competente na materia obxecto do contrato ou arquitecto/a técnico ou superior 10 puntos.

Dous (2): enxeñeiros/a técnicos competente na materia obxecto do contrato ou superiores ou arquitectos/as técnicos ou superiores:20 puntos.

- **Ampliación do prazo de garantía.....ata 8 puntos.**

O prazo de garantía inicial mínimo fíxase en 1 ANO e valorarase cos puntos que a continuación se describen cada ano adicional de garantía que oferte a empresa.

Quedando do seguinte modo:

1 ano adicional: 2 puntos.





## Concello de Gondomar

---

- 2 anos adicionais: 4 puntos.  
3 anos adicionais: 6 puntos.  
4 anos adicionais: 8 puntos.

### f. Duración

O prazo de execución do contrato será de 30 días contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de reformulo da obra.

### g. Órgano competente.

O órgano competente para a aprobación do expediente de contratación de acordo coa DAd. 2ª da LCSP é o alcalde, se ben dita competencia está delegada na Xunta de Goberno Local en base a resolución de Alcaldía de delegación de competencias de data 26 de xullo de 2023.

Neste senso, o art. 116.1 da LCSP, establece que- “La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.”

## 4. RESOLUCIÓN:

En base as consideracións expostas **RESOLVO:**

Aprobar e publicar esta memoria xustificativa/providencia de inicio do expediente de contratación no perfil do contratante de acordo co artigo 63.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O manda, sela e asina dixitalmente o Sr. alcalde, Paco Ferreira González, na data que se consigna na marxe e do que eu, como secretaria, dou fe.

